

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN**INSTRUCCIÓN:**

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números **C1** e **C12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Cal é o órgano científico técnico especializado da Administración Xeral do Estado que téñ como misión a análise e estudo das condicións de seguridade e saúde no traballo, así como a promoción e apoio á mellora das mesmas?

- A) Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.
- B) Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- C) Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo.
- D) Servizo Central de Prevención de riscos laborais.

2. Cales son os requisitos necesarios para participar nos procesos de selección de persoal estatutario fixo segundo o artigo 30 do Estatuto Marco do persoal estatutario?

- A) Nacionalidade española, ter 18 anos cumpridos, e non ser separado do servizo nos últimos 6 anos.
- B) Nacionalidade europea, ter a titulación esixida, posuír capacidade funcional, e ter menos de 65 anos.
- C) Nacionalidade española ou dun Estado membro da Unión Europea, posuír a titulación esixida, capacidade funcional, ter 18 anos e non exceder a idade de xubilación forzosa.
- D) Nacionalidade europea, ter 20 anos cumpridos, e non ser separado do servizo nos últimos 5 anos.

3. Cal das seguintes afirmacións sobre o Sistema Público de Saúde de Galicia é CORRECTA segundo o Artigo 30 da Lei de saúde de Galicia?

- A) É independente do Sistema Nacional de Saúde.
- B) Non ten competencias nin funcións específicas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- C) É parte integrante do Sistema Nacional de Saúde, con competencias específicas en Galicia.
- D) Non ten relación coa tutela xeral da saúde.

4. Cales son as causas de finalización da relación estatutaria temporal, segundo o Artigo 9.1. do Estatuto Marco do Persoal Estatutario?

- A) Cobertura da praza por persoal estatutario fixo, razóns organizativas e finalización do prazo ou causa do nomeamento.
- B) Finalización do prazo ou causa do nomeamento, renuncia voluntaria e cobertura da praza por persoal estatutario fixo.
- C) Cobertura da praza por persoal estatutario fixo, razóns organizativas e finalización do prazo.
- D) Finalización do prazo, renuncia voluntaria e cobertura da praza por persoal estatutario fixo.

5. Cal é o órgano lexislativo da Comunidade Autónoma de Galicia?

- A) Parlamento de Galicia.
- B) Cortes Xerais.
- C) Senado.
- D) Congreso dos deputados.

6. Que requisitos debe cumprir o documento de consentimento informado, segundo o artigo 10 da lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes?

- A) Só debe conter a identificación do paciente e a firma do médico.
- B) Debe incluír información sobre o procedemento e a firma do paciente.
- C) Debe conter identificación do centro, do procedemento, do paciente, do médico, consentimento do paciente, e lugar e data.
- D) Non hai requisitos específicos para o documento.

7. En que situacións permítese o outorgamento do consentimento por substitución, segundo o artigo 6 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes?

- A) Só cando o paciente estea incapacitado legalmente.
- B) Cando o paciente estea incapacitado legal ou circunstancialmente, e no caso de menores incapaces de comprender o alcance da intervención.
- C) Exclusivamente cando o paciente sexa un menor de idade.
- D) En ningún caso permítese o outorgamento do consentimento por substitución.

8. Cal é o obxecto da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, segundo o artigo 1?

- A) Establecer medidas exclusivamente para a prevención da violencia de xénero.
- B) Adoptar medidas integrais para a sensibilización, prevención, tratamento e protección das mulleres afectadas pola violencia de xénero.
- C) Limitar o ámbito de aplicación só a mulleres que traballen en Galicia.
- D) Garantir unicamente a protección ás mulleres, excluindo aos seus fillos e fillas.

9. Cal dos seguintes dereitos NON está recoñecido no artigo 18 da Constitución Española?

- A) Dereito á intimidade.
- B) Dereito á inviolabilidade do domicilio.
- C) Dereito ao secreto das comunicacións.
- D) Dereito á propiedade privada.

10. Segundo o artigo 6 da Lei Xeral de Sanidade, as actuacións das Administracións Públicas Sanitarias estarán orientadas a:

- A) A promoción da saúde.
- B) Promover as accións necesarias para a rehabilitación funcional e reinserción social do paciente.
- C) Garantir que cantas accións sanitarias se desenvolvan estean dirixidas á prevención das enfermidades e non só á curación das mesmas.
- D) Todas as respostas son correctas.

1. O artigo 3 da Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, establece que os medios e actuacións do sistema sanitario estarán orientados prioritariamente a:

- A) A promoción do benestar social.
- B) A promoción da saúde e a prevención da enfermidade.
- C) A tutela das garantías e dereitos sanitarios.
- D) A asistencia sanitaria.

2. Que sistema de selección utilizarase con carácter xeral para a selección do persoal estatutario fixo segundo o artigo 31 do Estatuto Mardo do persoal estatutario?

- A) Sistema de oposición.
- B) Sistema de concurso.
- C) Concurso-oposición.
- D) Sistema de valoración curricular.

